

ACTIVIDADES PARA 6º A DE LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS.

SEMANA DO 14 DE MARZO AO 17 DE ABRIL.

Xa pasamos a Semana Santa. Este ano seguro que non houbo tanto chocolate coma outros, pero iso é o de menos, o importante é que todos os teus estean con saúde. Ese é o mellor doce para a túa vida.

QUEDADE NA CASA E LEMBRÁDE QUE TEMOS QUE COLABORAR.
APROVEITA ESTE TEMPO PARA MELLORAR, É O TEU TRABALLO (EU AXÚDOTE).

Importante: realizade as actividades das semanas pasadas antes de pasar ás desta.

O que non saibades PREGUNTÁDEMO polos foros ou correo

Esta semana, no foro de lingua galega quero que contedes como foi a Semana Santa, que fixestes ou o que botastes máis de menos. Esta será a vosa primeira tarefa (non vos esquezades de coidar a ortografía, empregar os signos de puntuación precisos e separar a información en parágrafos). Ademais se axudastes a plantar na horta ou no xardín, fixestes manualidades, roscas ou calquera outro doce ou comida e lle sacastes unha fotografía invítovos a que a compartades neste foro no tema: Eu colaboro.

Tamén vos vou a propor dous retos:

- **Xogo: Coñecémonos?.** No primeiro teredes que facerlle unha serie de preguntas aos da casa e eles a vós. Atoparédelo en lingua galega. Non hai que anotar as respostas. Contaredes no foro se resultou un xogo divertido, se o fixeches con todas as persoas da casa e que conclusión sacas.
- **Ler un pequeno libro no enlace que vos achego en lingua castelá.**

Xa falei con todos vós por teléfono, abalar móbil, whatsapp e a plataforma, polo que respecta ás actividades que debedes realizar en tódalas áreas e, en concreto, das que vos imparto eu. Lémbrovos que as **tarefas desta semana están a continuación das da semana pasada na plataforma E-Dixgal, nun bloque novo que se titula: “Tarefas para a semana do 14 ao 17 de abril”.**

Moitos de vós aínda non vos presentastes no foro da primeira semana e non enviastes as actividades. Debedes rematar as tarefas das semanas pasadas (ampliarei os prazos de presentación) para pasar despois ás que propoño para esta. É MOÍ IMPORTANTE SEGUIR UNHA LIÑA DE TRABALLO.

Tedes os foros de cada semana para preguntar as dúbidas e lembrade os meus correos por si queredes porvos en contacto comigo ou enviar algunhas das actividades (por exemplo o vídeo sobre os adverbios, que pode pesar máis): m.mar.lorenzo.nunez@edu.xunta.es e marribeira@gmail.com.

Ademais, quero lembraros que na plataforma E-Dixgal tamén podedes enviar mensaxes entre os membros da clase (incluída eu). Aparece na parte superior.

Non quero deixar de recordaros que sigades :

- Colaborando na casa; non só coas tarefas, tamén facendo a convivencia máis agradable e evitando conflitos. Aproveitar para ordenar, realizar unha receita de cociña (coa axuda dos maiores), axudar aos vosos irmáns/irmás máis pequenos nas tarefas ou léndolle un conto e xogar con eles/elas...
- Que é importante que realicedes exercicio físico tódolos días e vos distraíades facendo algunha manualidade (compartide os enlaces no foro de lingua castelá e enviade fotografías das vosas producións).

XA FALTA MENOS PARA ESTAR TODOS XUNTOS.

BÓTOVOS MOITO DE MENOS.